

Adxudicadas as obras
de humanización
no auditorio-praza

Páxina VII

O antigo consultorio de
Leirado será reformado
para servizos á
dependencia

Páxina X

Salvaterra instalará
pantallas de
información turística

Páxina XI

Nadal Cultural de Arbo

Páxina XII

Mondariz prepara unha
zona azul gratuíta no
centro

Páxina XV



Barça, Oporto, Barcelos e o Club Hóckey Ponteareas disputarán o 2º Torneo de Hóckey Máster 35 en Ponteareas

Páxina XIX

Óptica mahen
mahen audióprótesis Ópticos desde 1939



Nº Reg. Sanitario E-36-000038

P O N T E A R E A S

r ú a s e n é n c a n i d o , 4

OPINIÓN

Cadernos da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

Galicia, sitio distinto

As eleccións estatais do domingo amosaron que Galicia é sitio distinto. Porque, malia partillar dalgunhas das tendencias xerais, o noso mapa electoral presentou características diferentes.

Na Galicia o mapa de escanos do 28-A (10 PSdeG, 9 PP, 2 a franquía de Podemos e 2 Cs) sofre dúas modificacións por mor da perda por Cs da súa representación, obtendo un escano PP (que empata a 10 cos socialistas, acadando un-31,9% fronte ao 31,25% do PSdeG) e o outro o BNG. Velaí que o 10-N tres das seis forzas estatais representadas no Congreso (Cs, Vox e

Más País) non obteñan representación.

O BNG acadou un 8,2%, obtendo case 120.000 votos, 26.000 máis ca en abril, malia a baixa da participación. Chegou a case os dous terzos dos votos de En Común-Podemos, que quitou case dous puntos menos ca en abril. Tendo en conta as diferenzas entre estatais e galegas apúntase como hipótese probábel o claro sorpasso dos soberanistas a respecto da esquerda rupturista española nas eleccións de 2020.

A suba do BNG e o meirande suceso do PP en apañar os votos perdidos polo Cs impediron que Galicia partillase

o xeral empoliramento do extremismo xenófobo, antifeminista e antigalego de Abascal. Moito do electorado galego das dereitas demostrou ser refractario a semellante mensaxe e, deste xeito, Galicia (que representa o 5,5% da poboación do Estado) só achega o 3% dos 3,6 millóns de persoas que votaron Vox o domingo.

O PP volta ser primeira forza electoral deste país, malia que case empate co PSdeG e que ésta gañe amplamente nas áreas urbanas de Vigo e A Coruña e nas principais cidades. Porén, os votos ás tres forzas da dereita acadaron un 44,1% fronte ao 54,4% das forzas do centroesquerda. A menos dun ano das eleccións galegas semella que unha alternativa plural poderá substituír ao PP en San Caetano o vindeiro 2020.

No camiño cara estas eleccións galegas de 2020, o soberanismo galego habería alargar substancialmente o



seu apoio electoral. Desta volta funcionou a tensión e bó facer da base electoral e militante do BNG, mais tamén o pulo extramuros do pacto con CXG e do apoio de persoeiros e sectores sociais vencellados no pasado, quer co propio BNG, quer con En Marea. De certo que a relevancia do soberanismo na solución á ecuación de 2020 estará na adopción de fórmulas flexíbeis de integración que lle permitan recoller toda a súa pluralidade política e social e maximizar os seus apoios.

O aberrante 155 dixital

O Goberno Sánchez en funcións, exercendo o máis baixo electoralismo dende a súa absoluta falla de lexitimidade (e moi probablemente de legalidade), arrumbou calquera criterio legal, ético ou estético para aprobar o 31 de outubro un Decreto-Lei que ven de ser agora ratificado pola Deputación Permanente do Congreso estatal disolto. Votaron a prol os deputados do tripartito do 155 (PSOE, PP e Cs) e abstivéronse os de UP, amosando outravolta que o máis semellante a un español de dereitas é un español de esquerdas.

Das resultas deste aberrante iter o

Goberno do Estado poderá pechar ou intervir de vez, sen falta ningunha de autorización xudicial, calquera rede de comunicacións dixital por etéreas razóns baseadas en tres conceptos xurídicos indeterminados: a seguranza pública, a orde pública e a seguranza cidadá, o que de feito amplía ad infinitum as posíbeis causas de peche ou intervención do Executivo estatal e deixa o Estado español nos niveis de liberdade dixital da República Popular de China.

Pedro Sánchez propuxo esta aberración para lle amosar á cidadanía que era quen de se pór ao nivel do PP ou

Cs canto a medidas excepcionais contra as demostracións cidadás do movemento soberanista catalán. Así e todo, as medidas implementadas, como adoita pasar con todas as lexislacións excepcionais, poderán ser usadas hoxe en Catalunya, mañá en Galicia ou Euskadi e pasado mañá en Madrid ou Valencia.

O Decreto-Lei aprobado vulnera abertamente o artigo 86 da Constitución (CE), que regula esta caste de lexislación. Primeiro porque non existía motivo ningún de extraordinaria e urxente necesidade, esixida no devandito artigo para aprobar esta caste de instrumentos. Segundo por incidir na regulación ds dereitos e liberdades constitucionais (e non só nas liberdades públicas como as liberdade de expresión e manifestación), prohibida no propio

artigo 86 CE. E terceiro por atinxir o contido esencial da liberdade de expresión do artigo 20 CE e, relacionadamente, de libre manifestación cívica do artigo 21.2 CE, vulnerando a prohibición do artigo 53.1 que reserva á lei a regulación do contido esencial destas liberdades.

Porén, non confíen vostedes en que o Tribunal Constitucional partille no futuro estas ideas tan nidias. Porque os seus membros foron elixidos polos políticos do PP (de xeito maioritario) e PSOE, que agora aprobaron canda Cs esta barbaridade. Demostrárono coa sentenza que declarou constitucional o abusivo exercicio por Rajoy (apoiado por Sánchez) do 155 e demostrano día a día decidindo como deciden os árbitros de fútbol caseiros.

Os artigos "Temos que facer moito máis" e "Galicia 2020" de X.A. Pérez-Lema poden leelos na nosa web www.novasdoeixoatlantico.com



Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns

Antonio Fernández López, empresario de acción e pensamento galeguista

As imaxinativas propostas do 1º Congreso de Economía de Galicia celebrado en Lugo o ano 1925 apelaban á necesaria e urxente vertebración territorial de Galicia e a modernización da súa estrutura económica.

Os distintos relatorio debatidos naquelas xornadas, dos que comentaremos algúns, partillaban unha arela común: aproveitar os moitos recursos que tiña Galicia para repartir con maior equidade a riqueza e elevar as rendas familiares. Fixéronlle proposta realizables, contemplando a Galicia como unha unidade á que habería que intercomunicar con estradas e camiños de ferro. No que fai á organización territorial, por exemplo, avogouse pola comarcalización e recoñecemento da personalidade xurídica da parroquia co seu goberno municipal e competencias. O turismo baseado na explotación do abondoso patrimonio histórico-monumental de Galicia sería unha fonte de riqueza que contribuiría a fixar poboación nun rural de infravivendas ás que habería que facer máis confortables e con todas as medidas de hixiene necesarias, tales como separar as estancias familiares das cortes do gando. Para mellorar a riqueza vinícola considerábase imprescindible a creación dun organismo científico para mellorar as castes e a elaboración dos viños. Este desexo cumpriuse en 1985, é dicir, sesenta anos despois coa Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia na comarca do Ribeiro. A dignificación e fomento da lingua galega tamén tiveron a

aprobación dos participantes do congreso.

A sublevación militar de 1936 tronzou as aspiracións daquelas élites ilustradas, especialistas en cadansúa disciplina. Pero como non hai mal que cen anos dure, os sobreviventes



daquela desfeita volveron reconstituírse e retomar aquel discurso macroeconómico décadas despois.

En 1958 un grupo de empresarios e especialistas en distintas materias puxeron en pé a Revista de Economía de Galicia, que foi a expresión teórica dun pensamento económico autóctono ao que aínda non se lle ten feito xustiza na medida que debera. Para remediar algo o esquecemento, o Foro E. Peinador convocou unha xornada

de reflexión no Campus Universitario de Lugo o próximo día 11 de decembro coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística, USC, Grupo El Progreso, Deputación e Concello de Lugo, para conmemorar o 95º aniversario daquel congreso no contexto da celebración do Día da Galeguidade Empresarial dedicado ao empresario Antonio Fernández López, cun programa amplo e atractivo, incluíndo a colocación dun busto seu do escultor J. Molares.

De Antonio Fernández López non se ten escrito apenas nada. O seu papel no desenvolvemento económico de Galicia foi sobranceiro, como importantes as empresas capitaneadas por el: Zeltia, que transcendeu as nosas fronteiras, Cementos do Noroeste, Frigsa... foron iniciativas que incorporaron a investigación e novas tecnoloxías. No eido educativo apostou pola renovación pedagóxica coa creación da Granxa de Barreiros, en Sarria, e o Centro de Estudos Fingoi, nos que o fomento da nosa cultura e lingua formaban parte do curriculum escolar. Filántropo e mecenas, no reparou en medios para poñer en circulación polas estradas da montaña lucense unha

unidade móbil dotada de raios X para diagnosticar enfermidades infecciosas. Súa foi tamén a creación do obradoiro de instrumentos musicais galegos con sede na Deputación coa participación do musicólogo Faustino Santalices. Tanto Zeltia como Cementos do Noroestes foron empresas precursoras no uso do galego na publicidade.

Para coñecer o pensamento económico de Antonio Fernández López hai que ler a Revista de Economía de Ga-

licia formando parte do seu Consello de Dirección. Os editoriais desta publicación expresan con nidez a filosofía da planificación económica para o artellamento dun país competitivo corrixindo os desequilibrios territoriais e que as súas xentes vivisen en harmonía coa súa identidade, propoñendo en 1958 a idea dunha autoestrada Vigo-A Coruña. "Non cremos no determinismo unilateral do factor económico, cremos, sen embargo, na importancia deste factor e na súa estreita relación coa cultura" (REG 1958). Precusores da Responsabilidade Social Corporativa. "É pura ignorancia crer que hai cotos científicos vedados ás posibilidades do idioma galego", afirmaban.

Por esta liña editorial a revista foi sancionada con 25.000 pesetas en 1968, por mor dun texto no que se dicía: "Falta saber se a nosa sociedade, que lles fixo sentir vergonza do seu idioma, que afogou as súas institucións peculiares e que lles está zugando os seus aforros vai consentir agora un cambio de actitude", en clara alusión á farisaica actitude da Administración.

Antonio Fernández López e os seus compañeiros da revista afirmaban e denunciaban que "non sempre hai coincidencia entre os intereses naturais de Galicia como conxunto social e os intereses dun suposto capital financeiro totalmente desvinculados de Galicia que aspira pura e simplemente á explotación das súas riquezas económicas". Por iso se opuxeron á construción do encoro de Castrelo de Miño, dedicando un monográfico a denunciar os atropelos e as consecuencias negativas que tería para a comarca do Ribeiro, sen que tal proxecto lle reportase beneficios a Galicia.



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosspanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69
x.foroapeneira@gmail.com
Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
x.foroapeneira@gmail.com
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Rocio Pereira Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Viale Moutinho, Manuel X. Xiraldes, Fco. Puñal Suárez, Pilar Martínez, Manuel Rodríguez Alonso, Xulián Maure, Uxio Breogán, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Luis Martínez Risco, Fco. Peña Castiñeira, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 226-2018

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

ACiP denuncia no xulgado a negativa do alcalde a dar acceso á documentación

ACiP vén de anunciar a presentación, o pasado día 25 de novembro, dunha denuncia no Xulgado do Contencioso Administrativo Nº 1 de Pontevedra contra o Concello de Ponteareas "ante a negativa reiterada do alcalde de dar acceso a expedientes solicitados en base ao artigo 14 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Administracións Públicas (ROF).

A denuncia, asinada polos concelleiros Juan Carlos Gonzalez Carrera, Luis Alberto Rodríguez Cerdeira y Manuel Gregores Martinez e pola concelleira Raquel Bautista Alfaya,



interponse logo de que, segundo ACiP se lle advertira reiteradamente ao alcalde deste irregular comportamento ante os dereitos da oposición, a fin de evitar a xudicialización da vida municipal. "A negativa

do alcalde obríganos a poñer dos nosos petos os costes da demanda, a diferenza do alcalde que paga do diñeiro público, pero nunca renunciaremos ao noso dereito a defender aos veciños."

Acip denuncia ante Sanidade a falta de control das fontes públicas polo Concello

Segundo contestación á solicitude do grupo municipal ACiP de acceso ás analíticas das fontes públicas durante o ano 2019 o Concello contesta textualmente "actualmente non se dispón delas".

Ante esta irresponsabilidade ACiP denunciou a falta de con-

trol sanitario das fontes por parte do Concello ante a Consellería de Sanidade da Xunta.

Lembran que no 2015, a proposta de ACiP aprobouse unha moción en pleno de creación dun censo e realización periódica de analíticas, as cales serían publicadas na web do

Concello e ademais colocárianse carteis nas fontes públicas sobre a súa situación. Esta moción tamén foi apoiada por Represas pero agora non a cumpre.

Segundo ACiP os veciños están a consumir auga sen ningún tipo de control sanitario.

Nova convocatoria de axudas de emprego en Ponteareas

Oncello de Ponteareas abre o prazo para as axudas de apoio á creación e consolidación de emprego por parte da iniciativa privada na localidade. A cuantía ascende a 39.000€. O prazo para presentar as solicitudes remata o vindeiro 1 de decembro tendo os e as interesadas dez días naturais para presentarse.

Poderán beneficiarse das axudas, tanto os emprendedores a título individual que acceden por primeira vez ao mercado laboral como empresas e autónomos que queiran contratar novo persoal ou aquelas que vaian mudar a modalidade dos contratos temporais a indefinidos.

Esta convocatoria fai especial fincapé no fomento da

contratación da mocidade nas empresas locais, unha das primeiras medidas que se inclúe no Plan de Mocidade que a concellería que dirixe Miguel Bouzó está ultimando para a súa consulta pública e posta en marcha para ser executado de xeito transversal coa Concelleira de Formación e Emprego que dirixe Vanesa Fernández. Deste xeito, esta liña

de axudas incentiva e reforza á contratación de menores de 36 anos de idade incrementando a cuantía correspondente nun 50% chegando ata os 3.000€.

Estas axudas foron implantadas no ano 2015 pola decisión persoal do alcalde Xosé Represas de destinar a ese fin a partida do presuposto reservada para o seu salario ao que renunciou.

82 traballadores xa foron contratados e consolidados como indefinidos neste último mandato grazas a estas axudas.

O PP vota con BNG e PSOE rexeitar o recurso de Villar contra a compatibilidade de Mera

No mes de xullo o Pleno de Ponteareas, co informe favorable do asesor xurídico municipal, autorizou a Roberto Mera a compatibilidade entre as súas funcións como concelleiro de goberno e o exercicio da avogacía. O Partido Popular foi a única forza que votou en contra.

No mes de agosto Villar recurriu o acordo e presentou unha queixa perante a Valedora do Pobo. Segundo o PP, a compatibilidade de Mera vulneraba a lei e debía ser anulado.

No seu recurso e queixa Villar sinalaba que "es obvio que no es compatible el horario de concelleiro con una actividad privada de abogado". Segundo o PP, Mera debía escoller a adicación exclusiva no Concello ou á avogacía ou ben acollerse a unha adicación só parcial. Ademais, os populares denunciaban a existencia de conflito de intereses entre o cargo de concelleiro e o exercicio da avogacía que segundo o PP afectaba ao deber de imparciali-

dade e independencia esixible ao edil no goberno local.

En novembro o asesor xurídico e secretario municipal emitíu un informe rexeitando os argumentos de Belén Villar.

No Pleno do pasado martes o recurso de Belén Villar foi rexeitado cos votos do BNG, PSOE e, sorprendentemente, cos votos do PP, quen podendo retirar o recurso preferiu mantelo e votar en contra.

Para o goberno, a decisión de Villar e o PP "revela que fixeron xogo suxo durante meses con ataques persoais para desprestixiar a Mera, utilizando de forma fraudulenta á Valedora do Pobo e faltando ao respecto aos informes do secretario municipal". Tralo Pleno, o Alcalde remitiu un certificado do acordo á Valedora do Pobo para que archive a queixa presentada por Belén Villar. Segundo Represas "debe ser a primeira vez que a Valedora recibe unha queixa que aos poucos días é rexeitada pola mesma persoa que a presentou".

Aberto o prazo para as listas de profesor de linguaxe musical

Está aberto o prazo para as listas de contratación de profesor de especialidade de linguaxe musical para o conservatorio municipal de música ata o día 15 de decembro. As bases pódense consultar na web <https://ponteareas.gal/oferta-emprego-publico/>

PONTEAREAS

Clubs de toda Galicia competiron no IV Torneo Internacional Sub-2200 Xadrez Ponteareas

Disputouse nas instalacións do I.E.S. do Barral, o IV Torneo Internacional Sub-2200 Xadrez Ponteareas "I Gran Premio ÓPTICA MAHEN". No torneo participaron 42 xogadores, procedentes de clubs de toda Galicia. A organización foi do Club Escola Municipal de Xadrez de Ponteareas, contando coa colaboración e patrocinio da firma comercial ÓPTICA MAHEN, o Club Deportivo O BARRAL, o I.E.S. do Barral e o Concello de Ponteareas.

Xogáronse 5 partidas con emparellamentos polo Sistema Suízo. Os resultados computan para o ranking oficial da Federación Internacional de Xadrez (FIDE) e os árbitros da competición foron Juana Martínez e Natalia Outerelo.

O podio en categoría xeral foi: Campión: Belarmino García



Camiña (C.Xadrez Alekhine de Vigo). Sub-Campión: Sergio Diniz López (Club Xadrez Narón). 3º Clasificado: Fabio Represas Novoa (Club Xadrez Ramiro Sabel Ponteareas).

No acto de clausura do torneo acompañaron á Directiva do Club, o Concelleiro de Mocidade

Miguel Bouzó e o Director do I.E.S. do Barral Álvaro Groba. Concedéronse trofeos aos 3 primeiros clasificados e ás categorías especiais (idade, ELO, etc). Os tres primeiros recibiron tamén un lote de agasallos do Club organizador e da Empresa ÓPTICA MAHEN. Sorteouse tamén un agasallo entre todos os participantes. A organización do torneo agradece a todos os xogadores a súa presenza e emprázoos a participar no V Torneo Int. Sub-2200 "II Gran Premio ACLUDI" que se celebrará os días 14 e 15 de decembro deste ano.

Formación dos voluntarios de Protección Civil

En xornada de mañá e tarde, os voluntarios de Protección Civil Ponteareas recibiron da man de Alejandro Caldeiro formación en primeiros auxilios e da man de Leticia Montero coñecementos sobre lexislación relacionada coa actividade que desempeñan.

O curso foi impartido no Centro de Desenvolvemento Local (CDL) totalmente de balde. Protección Civil Ponteareas adianta que nos vindeiros meses, ademais de asistir aos cursos e actividades de formación que ofrece a AGASP, participará tamén en obradoiros sobre accidentes, xornadas sobre actuacións en incendios e cursos de apoio psicolóxico para actualizar os seus coñecementos e intervir cun apoio máis eficaz.

Ponteareas arroupou á escritora Susana Lamela na presentación da súa primeira novela, "Invisible, con maleta verde e zapatos vermellos"

A presentación da primeira novela da escritora ponteareá Susana Lamela volveu encher o salón de plenos do concello de Ponteareas. Amigos, apaixonados da lectura e familiares ateigaron o salón de plenos para arroupar á esta nai e profesora

do do colexio Nosa Señora dos Remedios que coa súa primeira novela "Invisible, con maleta verde e zapatos vermellos" enfróntase non só á crítica do público adulto se non tamén ao mundo da edición e da distribución, decidindo ela mesma o deseño, a maqueta-

ción e as canles de distribución desta súa primeira novela.

"Invisible, con maleta verde e zapatos vermellos" pódese adquirir en todas as librerías de Ponteareas e dos concellos da comarca e tamén a través da plataforma de Amazon.



FUCO PRADO



CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

O goberno consultará coa veciñanza o deseño das rúas Daniel Ojea, Mestres e Vázquez Fraile

O Concello de Ponteareas puxo en marcha o proceso de participación para o deseño das rúas Daniel Ojea, rúa dos Mestres e rúa Vázquez Fraile e reuniuse o día 22 no salón de plenos da casa do concello. No encontro participaron o Alcalde Xosé Represas, o concelleiro de Mobilidade e Participación Cidadá, Roberto Mera e a de Vías e Obras Chus Garrote.

Con esta reunión o goberno local quere escoitar a opinión veciñal sobre as problemáticas actuais das rúas e as ideas de futuro. A información recollida nesta reunión será tida en conta no futuro para os pro-



xectos técnicos de reforma e humanización que se someterá igualmente a consulta pública para que a transformación futura das rúas sexa o resultado do máximo consenso cidadá.

O concello realizou estes días na rúa dos Mestres e Da-

niel Ojea obras de mellora do firme das beirarrúas afectadas polas raíces do arborado e a retirada destas árbores. para solucionar os problemas de seguridade e mobilidade que conlevaba o deterioro desas beirarrúas.

A mellora enerxética na N-120 reforza a seguridade viaria

A concellería de Vías e Obras, que dirixe Chus Garrote, informa que nestes días se realizan as obras de mellora enerxética de alumeadado na N-120 dende o tramo da Bouzalonga ao tramo do centro cultural de Arcos, máis de 8kms de última tecnoloxía que redundará en aforro enerxético e redución da contaminación, ademais de mellorar a seguridade viaria en tramos urbanos como a rúa Real, no cruce de acceso ao centro cultural de Arcos e no paso polo IES do Barral.

Esta obra foi adxudicada a



unha empresa comarcal, Electricidade I.N.M.A.C. CONDADO, S.L, a través dun concurso público aberto simplificado

por 74.887€ (ive incluído) financiados con fondos propios a través do Plan Concellos da Deputación de Pontevedra.

Obras de mellora das beirarrúas do centro urbano



A concelleira de Vías e Obras, Chus Garrote, supervisa nestes días as obras de mellora de beirarrúas que se están a executar en distintos puntos do centro urbano con cargo ao Plan Concellos da Deputación de Pontevedra.

A través dun procedemento aberto simplificado o goberno adxudicou as obras por unha cuantía de 37.299,15€.

Esta actuación permitirá a

reparación das beirarrúas e mellora dos accesos aos pasos de peóns nas rúas Daniel Ojea, Mestres, Mimosas, Orotava e Virxe da Luz.

Chus Garrote engade que estas obras de reparación, enmarcadas no plan anual de mantemento de beirarrúas, melloran tamén a accesibilidade para as persoas con mobilidade reducida contemplando os rebaixas e medidas precisas recollidas na normativa.

Novos cursos da aula CEMIT para o mes de decembro

O obxectivo de achegar as ferramentas dixitais a toda a cidadanía a aula CEMIT (Centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica), no centro social da rúa Oriente, ofrece cursos adaptados a tódolos niveis e totalmente de balde deseñados en función da demanda que rexistre.

Do día 2 ao 5 de decembro en horario de tarde haberá un curso de iniciación á folla de cálculo, un de iniciación á informática para maiores e un de mecanografía.

O día 9 comezan os cursos de elaboración do Curriculum Vitae, de procura de informa-

ción a través de internet e de mecanografía. O día 12 e 13 impartirase o de procura de emprego a través de internet. O día 14 na aula CEMIT aprenderemos a utilizar o Gmail.

Do 16 ao 20 de decembro haberá cursos de uso básico das redes sociais, scratch2: iniciación á informática e de alfabetización informática para maiores. O 21 de decembro ofrecerase axuda para a utilización do teléfono móbil.

As e os interesados poden chamar ao teléfono 673 794 883, achegarse ata a aula no centro social, ou enviar un correo electrónico a cemit.ponteareas@xunta.gal

Seguimos informando na nosa web:
www.novasdoeixoatlantico.com

PONTEAREAS

O Consello de Ministros encarga a obra de ampliación da depuradora

O Consello de Ministros do pasado venres encomendou á sociedade mercantil estatal Aguas de las Cuencas de España, S.A (Acuaes), dependente do Ministerio de Transición Ecolóxica, a realización das obras de ampliación da depuradora de Ponteareas así como a renovación dos dous colectores principais. As obras terán un coste estimado de 7,5 millóns de euros.

O Consello de Ministros xustifica a decisión na "necesidade urxente desta actuación de sa-

neamento" para dar resposta ás esixencias europeas no tratamento de augas residuais. A actuación inclúese nun paquete de obras "prioritarias" a realizar noutros tres concellos galegos: a Illa de Arousa, Poio e Sanxenxo.

Respecto ao financiamento das obras, a previsión é que a Unión Europea, a través do Estado, asuma o 60% do coste total. Para o 40% restante, o Concello aportará o 20% e a Xunta de Galicia outro 20% a través dun convenio pendente de asinar. O financiamento eu-

ropeo fixa no ano 2023 o límite para o remate das obras e a entrada en funcionamento da depuradora ampliada.

O Alcalde de Ponteareas, Xosé Represas amosouse satisfeito coa decisión do goberno do Estado e lembrou que este logro "é o resultado do traballo e das negociacións que levamos adiante no mandato anterior". Este problema existe desde a súa inauguración en 1995 porque foi mal dimensionada na súa orixe. Agora poremos solución a este problema histórico que herdamos,

sinalou Represas quen engadiu que "neste mandato a recuperación ambiental do Tea e a súa posta en valor como espazo natural e de uso social é unha das nosas prioridades políticas.

Por outra banda, o alcalde cualificou de "hipócritas e cínicas" as críticas do PP e da portavoz dos populares, Belén Villar, en relación coas sancións que a Confederación Hidrográfica impón ao Concello polos vertidos da depuradora. "O responsábel desas multas é, en primeiro lugar,

o PP, por inaugurar unha depuradora en 1995 que xa provocaba os vertidos e non resolver o problema en 20 anos", explicou Represas quen tamén lamentou a actitude do Grupo Ecoloxista Adenco porque "sabendo que estamos xestionando a ampliación da depuradora, siguen presentando denuncias que non sirven para solucionar o problema. Ao contrario, prexudican aos ponteareáns porque nos obrigan a destinar cartos a multas en lugar de adicalos a máis saneamento".

Adxudicadas as obras de humanización no tramo auditorio-praza de abastos

O goberno de Ponteareas da un novo paso para conseguir que a nosa cidade sexa un fogar no que os protagonistas sexan as persoas e ven de adxudicar as obras para a humanización e mellora da seguridade peonil do tramo rúa Doutor Fernández Vega, entre o auditorio municipal e a praza de abastos a AUDECA, S.L.U.

As obras foron adxudicadas por 205.444,92€ e neste proceso público concursal aberto participaron trece empresas.

Estas obras están enmarca-



das na estratexia "Ponteareas, hábitat saudable" que conta co financiamento dos fondos

de desenvolvemento rexional da Unión Europea (fondos FEDER) que custean o 80% e

dos fondos propios do concello que se fai cargo do 20%.

A reforma que creará unha plataforma única entre os dous edificios, como se dunha praza se tratara, manterá a circulación de vehículos nos dous sentidos. Estes deberán subir á plataforma e circular a tan só 20 km/h, garantindo así a seguridade dos peóns. O obxectivo da actuación é converter esa zona comercial con grande movemento de persoas nun amplo espazo peonil atractivo, agradable e seguro, con mobiliario urbano como bancos, nova iluminación e arborado de certo porte.

Esta obra, como outras, contou cun proceso previo de participación cidadá.

Aberto o prazo para inscribirse na cabalgata dos Reis Magos

A concellería de Eventos que dirixe a tenenta de alcalde Cristina Fernández informa que todas as familias interesadas poderán inscribir no rexistro de entrada da casa do concello aos seus fillos e fillas de idades entre os 6 e os 12 anos a que participen como paxes na tradicional cabalgata dos Reis Magos que se celebrará o domingo 5 de xaneiro e que percorrerá as rúas do centro urbano.

A solicitude poderase presentar ata o 14 de decembro.



Comunidades, colegios, oficinas, moquetas, abrillantado de suelos, primeiras obras, fachadas

986 661 052 limpiezasponteareas@gmail.com

Rúa As Lavandeiras, 3 bajo Ponteareas

Talleres
Guiller Motor



Venta de vehículos usados

Puzo-Lira, 24
36459 SALVATIERRA
(Pontevedra)

Tel./Fax 986 66 15 41



CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

Dez empresas do Condado apostan por unha visión sostible e renovada do rural

O acto de presentación do vídeo *Conversas sobre o #RuralDixital*, de MOU Multimedia, reuniu os xoves a unhas trinta persoas. Entre os asistentes, estiveron representantes públicos de concellos de Ponteareas, As Neves e Covelo, entidades formativas ou de desenvolvemento comarcal e local como o GDR Condado-Paradanta, CDL de Ponteareas ou o centro A Granxa, emprendedores de O Condado e representantes de asociacións de economía social como Espazo Coop.

A terra e os seus produtos e os servizos que dan forma ao territorio son a base da actividade dos nosos dez protagonistas. Na visión que os participantes teñen do produto rural conviven valores como a sostibilidade, a responsabi-



lidade alimentaria, o respecto pola tradición e a necesidade da innovación.

Todos son conscientes de que a ruralidade marca, para ben e para mal, a súa experiencia empresarial. Todos coinciden en sinalar as tecnoloxías como unha ponte para superar dificultades de

comunicación ou contacto cos destinatarios das súas actividades.

E tamén botan en falta incentivos para que a xente máis nova poida atopar no rural una base para o desenvolvemento de novas iniciativas que axuden á recuperación da poboación.

O Tribunal Superior de Xustiza desestima o recurso do PP contra os orzamentos de 2016

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) desestimou o recurso aos orzamentos de 2016 interposto pola portavoz do Partido Popular, Belén Villar, e condenou ao PP ao pago das custas.

O Partido Popular solicitaba da xustiza a nulidade dos orzamentos alegando que non se respectaran os dereitos da oposición na súa tramitación e que se cometeran supostas irregularidades nas previsións dos gastos.

A sentenza do TSXG rexeita todos os argumentos de Villar e do PP, considera que non se vulnerou o dereito de participación dos grupos da oposición ao dispor de toda a información e considera que no orzamento estaban "contempladas as medidas precisas para cum-

prir a regra de gasto".

O Alcalde Xosé Represas amosouse satisfeito pola decisión xudicial "que avala a forma de actuar do goberno municipal na elaboración dos presupostos" e pon de manifesto "que o PP utiliza de forma abusiva e fraudulenta a xustiza con fins políticos". O alcalde sinalou que "o PP se equivoca cando pretende conseguir nos xulgados o que non consegue nas urnas. E agora, afortunadamente, pagarán cos seus cartos o gasto que lle ocasionaron ao Concello coa súa demanda infundada". Represas considerou "lamentábel que Villar pretendiera xudicialmente deixar a Ponteareas sen presuposto cando ela durante catro anos como concelleira de Facenda foi incapaz da aprobar nin un só orzamento".

Axudas aos colectivos na realización de pequenas obras de interese veciñal

A convocatoria que se publicará no B.O.P contempla 10.000€ para as asociacións que non se benefician dos máis de 300.000€ que o concello destina a axudas a distintos tipos de colectivos

O concello de Ponteareas ven de publicar as bases da subvención para investimentos destinada a colectivos de interese veciñal (asociacións veciñais, asociacións culturais e comunidades de montes). O prazo para solicitar estas axudas comezará a contar ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra e será de 7 días naturais.

Coa finalidade de dinamizar o asociacionismo e colaborar



na realización de pequenas obras de interese veciñal ou na adquisición de mobiliario e equipamentos o concello de Ponteareas destinará un total de 10.000€ para os colectivos que non reciben outro tipo de axudas.

Esta liña de axudas súmase aos 306.600€ cos que o con-

cello subvenciona outros colectivos e asociacións.

A axuda económica que se conceda nesta subvención poderá acadar ata o 80% do investimento realizado cun límite máximo por entidade de 3.000 euros para a realización de obras e de 1.500 euros para dotación de equipamentos.

Sabela Martínez recibe un premio do III concurso de relato e debuxo contra a violencia de xénero



A alumna de 3º da ESO do CPR A Inmaculada, Sabela Martínez Viéitez, recolleu onte no auditorio Afundación en Pontevedra o premio do III concurso de relato e debuxo contra a violencia de xénero organizado pola Subdelegación do Goberno.

A Subdelegación do Goberno

recoñeceu onte cun premio á ponteareá Sabela Martínez na categoría 1 para alumnado da ESO pero ademais entregou un premio colectivo para toda a súa clase que a arroupou durante o acto de entrega no que tamén estaba a concelleira de Ensino e tenenta de alcalde Cristina Fernández.

O Barça, o Oporto, o Barcelos e o Club Hóckey Ponteareas disputarán o 2º Torneo de Hóckey Máster 35 en Ponteareas

O Hóckey Club Ponteareas organiza en colaboración coa concellería de Deportes o 2º torneo Máster 35, os días 6, 7 e 8 de decembro.

A entrada para adultos terá un prezo simbólico de dous euros destinado a axudar ao club que nestes dous meses de traballo xa conta con preto de 40 nenas e nenos nas súas escolas. As pequenas e os pequenos entrarán gratis.

O Hóckey Club Ponteareas recórdalle ás familias que para adestrar tan só fai falta achegarse ao pavillón municipal Álvaro Pino os luns ás 18:30 e os xoves ás 20 horas porque o



club pon a disposición do alumnado os patíns e o material par que todos e todas poidan probar sen gastar cartos.

Os horarios do torneo serán:
O venres 6 ás 19 horas o FC Oporto competirá contra o HC Barcelos e ás 21 horas xogarán o HC Ponteareas contra o FC

Barcelona.

O sábado día 7 ás 17:30 horas disputarase o terceiro e cuarto posto e ás 19:30 chegará o momento da final.

O domingo día 8 ás 10:00 horas nenos de clubs de toda Galicia disputaran o torneo categoría Micros.

A tosta de lacón con tetilla e bocado de cogomelos e gulas gañou os Bocados de Outono

BANASTRA en colaboración coa concellería de Promoción Económica do concello de Ponteareas entregou os premios da ruta gastronómica Bocados de Outono 2019 que recoñeceron non só a tapa máis valorada polo público se non tamén á clientela co sorteo de cinco premios.

O Bocado de Outono da cafetería Balú foi o gañador do concurso de tapas e o que máis puntos obtivo. A súa



tosta de lacón con tetilla e bocado de cogomelos con gulas conquistou o paladar da maioría dos participantes nesta

edición.

Na entrega do premio tamén se entregaron os diferentes premios ao público.

Entrega de diplomas do Curso de restauración de mobles

O concelleiro de Mocidade, Miguel Bouzó, entregou xunto á deputada provincial Olga García Ballesteros, os diplomas do curso de restauración de mobles e tapicería ofertado pola Deputación dentro do programa Depo en Marcha. Quince mulleres participaron neste curso desenvolto na casa cultural Antorcha, en Cristiñade.



O traballo dos tres IES no marco do ERASMUS PLUS acada unha calificación de "sobresáinte"

A SEPIE, Servizo Español para a Internacionalización da Educación, avaliou o traballo realizado polo equipo ponteareán en aspectos como a calidade da

implementación, o impacto, a difusión e a relevancia do proxecto outorgando un total e 81 puntos e un valoración cualitativa do informe final de "Moi ben".

O Club Natación comeza curso con 141 licencias e retos ilusionantes



O Club Natación Ponteareas presentou a súa tempada 2019-2020 nun acto celebrado no auditorio municipal Reveriano Soutullo.

O Club informou que comeza o curso con 141 licencias de deportistas, dende a escola de natación ata grupo de alto rendemento.

Tamén adiantou que o equipo absoluto participará na división de Honra Galega (entre os 6 mellores clubs de Galicia) con 2 nadadores bolseiros no Centro de Tecnificación Deportivo de Pontevedra (que forman parte do equipo Nacional de Augas Abertas) e

4 no Grupo de Especial Seguemento en Pontevedra.

Ademais, por vez primeira o equipo feminino participará en decembro na Copa de España de Clubs que se celebrará en Madrid.

Por último o club engade que haberá presenza de nadadoras e nadadores locais en Campionatos Galegos e Nacionais. "Un horizonte ilusionante, cheo de probas, competicións e organización de eventos (a travesía a nado Vila do Tea, O Campionato Galego de Augas abertas e a etapa final do Circuito Galego de Augas abertas vanse disputar no río Tea).

CONDADO/PARADANTA

SALVATERRA DE MIÑO

O antigo consultorio de Leirado será reformado para servizos á dependencia

A Conselleira de Política Social, Fabiola García Martínez, e a Alcaldesa de Salvaterra de Miño, Marta Valcárcel Gómez, veñen de asinar un convenio de colaboración para a reforma do antigo Consultorio Médico de Leirado, co fin de destinalo a un centro onde se presenten servizos das carteiras de Servizos de promoción da autonomía e de atención á dependencia, e que se enmarca dentro do programa de desenvolvemento Rural Sostible.

Salvaterra de Miño é un concello cun casco urbano moi rexuvenecido pero ao mesmo tempo conta cun rural onde se concentra un maior número de persoas maiores, que en moitos casos viven



soas ou pasan a gran parte do día soas. Por este motivo dende o Equipo de Goberno tívose como prioridade crear un espazo destinado exclusivamente para eles, un punto de referencia, onde poidan socializar, realizar diversas actividades, culturais, deportivas..., en fin, un espazo para os nosos maiores que tanto nos deron e que tanto nos

ensinaron. Agora é o momento de devolverlle todo ese traballo e esforzo, coa creación deste centro de referencia.

O inmobile localízase no lugar de San Roque e estivo sempre moi vinculado a vida dos seus veciños e veciñas, xa que naceu sendo praza de abastos, punto neuráxico da vida da parroquia e ten máis de 50 anos de antigüidade.

Rematada a mellora de camiños en Lourido, Fornelos e Meder

Rematadas as obras de mellora de camiños municipais en Lourido, Fornelos e Meder, financiadas con cargo á subvención concedida pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural da Consellería de Medio Rural ao abeiro do Plan de mellora de

camións municipais 2019-2020 e achega con cargo ó orzamento do Concello, por un total de 64.603,11 euros.

A execución desta obra viu motivada pola necesidade de mellora destes camiños municipais, o primeiro deles atravesaba as parroquias de Lourido

e Fornelos, discorrendo entre os núcleos de Cotorreal e Enxembre; o segundo localízase na parroquia de Meder, nas inmediacións do núcleo de Codeseda. En ambos camiños o firme estaba en mal estado, motivo polo cal se executou a mellora dos mesmos.

Salvaterra entrega os premios do Concurso de Slogans Contra a Violencia de Xénero



Un ano máis o Concello de Salvaterra de Miño, e dentro do programa de educación en igualdade e de prevención da violencia, entregou os premios do Concurso de Slogans Contra a Violencia de Xénero, que organiza en colaboración co IES, e no que participan máis de 200 nenos e nenas. Programa que ten como obxecto sensibilizar sobre a violencia de xénero, facéndonos reflexionar sobre esta gran lacar social, que entre todos debemos erradicar promovendo un cambio de mentalidade que contribúa a desmitificar estereotipos e transmitindo valores de igualdade e non violencia.

O slogan gañador deste ano foi "EDUCACIÓN+IGUALDADE= -VIOLENCIA" de Diego Estévez Rivera, que foi premiado con un vale de 150€ e co cal se levará a cabo toda

a campaña de concienciación que realizará o Concello no próximo ano. Ademais entregáronse tres segundos premios valorados en 50€ aos seguintes slogans: "Non cales! É mellor que o fales" de Fabián Andrés Souto; "Non queremos máis minutos de silencio, actúa!" de Basilio Puga García e "Nin unha muller menos, nin unha agresión máis" de Carmen Tejo Rodríguez.

Paralelamente o Concello cos alumnos de carpintaría en colaboración cos de plástica renderon un homenaxe as 59 vítimas falecidas galegas, das que existe rexistro dende o ano 2003. Para elo pintaron un dos bancos da Praza do Concello de negro e nel escribiron os nomes de todas e cada unha delas, co fin de que permanezan na memoria colectiva, de darlle voz, de visibilizar un problema que nos afecta a todos e todas.

O noso Eido

taberna

Especialidades en: Angulas e Lampreias, Peixes do Río, Choccos a Pranda, Bacalao e Kikos a brasa.

RESERVAS: Ana 651 040 534 Coke 646 424 968

Tel. 986 658 313 Rúa da Fraga, 5 SALVATERRA DE MIÑO (PO)

O remendón CERRAJERO

SERVICIO 24 HORAS

- Apertura de puertas
- Cambios de cerraduras
- Mantenimiento de comunidades
- Duplicado de llaves y telemandos
- Automatismos
- Amaestramiento bombillos
- Reparación de calzado

SERVICIO OFICIAL Duplimax

Rosalía de castro, 61 Salvaterra de Miño

637 764 865

www.cerrajeroremendon.com

SALVATERRA DE MIÑO

Salvaterra instalará pantallas de información turística

O Conselleiro de Cultura, Román Rodríguez, e a Alcaldesa de Salvaterra de Miño, Marta Valcárcel, veñen de asinar un convenio para promocionar o municipio a través da instalación e posta en servicio de pantallas e monitores en distintos puntos do casco urbano, de forma que os visitantes teñan acceso directo á información.

Estamos na era das telecomunicacións, e temos que adaptarnos ao seu uso, e polo tanto é moi importante converter tamén ao Concello de Salvaterra de Miño nun referente en canto ao xeito de compartir información cos veciños e visitantes da zona. A día de hoxe o noso municipio é unha das zonas máis visitadas do sur da provincia de Pontevedra, son centos de persoas as que se desprazan a nosa Vila para desfrutar dunha das zonas verdes máis importantes de Galicia, o Parque Público A Canuda, que ven a camiñar polos máis de 30km de sendas verdes polas beira dos nosos



ríos, que ven a empaparse da nosa historia, que visitan o noso Recinto Amurallado e visitan o Museo da Ciencia do Viño, veñen a bañarse no noso Espazo Termal Lúdico... Con esta acción o Concello de Salvaterra de Miño busca derivar a todos eses visitantes que se achegan ao municipio durante todo o ano aos diferentes puntos de interese nas parroquias, xa que Salvaterra de Miño conta cunha gran riqueza patrimonial, cultural e histórica ao longo das súas 17 parroquias, a través da instalación de tres tipos de pantallas publicitarias en tres puntos estratéxicos.

A obra consiste na instalación dun monitor de alta luminosidade táctil na Rúa Miño, no cruce de entrada cara o Parque A Canuda, onde todos os visitantes terán un acceso directo e fácil a toda a información turística do municipio. Ademais instalarase unha pantalla na glorieta existente no cruce de Rúa Rosalía de Castro coa Rúa Miño e a segunda pantalla será instalada no parque A Canuda, a través das cales ademais de proxectar as imaxes do Concello axudará a publicitar os eventos deportivos e culturais do municipio e toda a información de interese para veciños e visitantes.

Salvaterra adhírese ao pacto dos alcaldes sobre clima e enerxía

O Concello de Salvaterra de Miño ven de aprobar en pleno a adhesión ao Pacto dos alcaldes sobre o clima e enerxía, comprometéndose a reducir as emisións de CO2 e aumentar a súa resiliencia mediante a adaptación ás repercusións do cambio climático.

Dentro das primeiras accións solicita a RENFE un aumento das paradas na Estación de Salvaterra, dentro das liñas xa existentes, co fin de potenciar o uso do transporte colectivo.

A Comisión Europea puxo en marcha en 2008 o Pacto dos Alcaldes, unha iniciativa aberta a todas as cidades e municipios en Europa co obxectivo de involucrar ás autoridades locais e aos cidadáns no desenvolvemento e a aplicación da política enerxética da Unión Europea. O Pacto consiste no compromiso das cidades asinantes en ir máis alá dos obxectivos adoptados

para o ano 2020 pola UE para reducir as emisións a través de medidas de eficiencia enerxética, de accións relacionadas coa promoción das enerxías renovables e da mobilidade urbana sostible. E nesta liña o Grupo de Goberno solicitou, tamén no mesmo Pleno, a RENFE un aumento das liñas que paran na estación de Salvaterra de Miño, co fin de potenciar o uso do transporte colectivo e menos contaminante fronte o uso dos vehículos particulares que contaminan moito máis. Para fomentar o uso do tren o Equipo de Goberno solicitou a parada na estación de Salvaterra de Miño de catro liñas de tren xa existentes, tanto dirección Vigo – Ourense como Ourense – Vigo e a realización dun estudio para crear novas liñas, en ambas direccións, que faciliten os horarios laborais dos veciños e veciñas para desprazarse aos seus traballos.



CONDADO/PARADANTA

SALVATERRA DE MIÑO



**CONCELLO
SALVATERRA DE MIÑO**

CAMPAMENTO DE CONCILIACIÓN

Días: 23, 24, 26, 27, 30, 31 de Decembro e 2 e 3 de Xaneiro.

Aula matinal: horario de 7:30 a 9:00 horas. Prezo: 8,00€

Campamento: horario de 9:00 a 14:00 horas. Prezo: 20,00€

Prazas limitadas. Inscricións por rexistro ou sede electrónica.
Inscripcións do 2 ó 12 de decembro, ata esgotar prazas.

Nadal

Venres 13 Decembro

20:00 h - Festival de Nadal da A.C. Pontenova
Salón Casa Cultura Salvaterra

Venres 20 Decembro

De 16:00 a 18:00 h - Percorre Salvaterra no tren "chu-chu".
Paradas no Parque Público A Canuda e Praza do Concello (gratuito)

20:00 h - Inauguración da decoración navideña da Praza do Concello, na que colaboraron @s alumn@s do IES e Centros Escolares do municipio.



Sábado 21 Decembro

De 11:00 a 13:00 h - Percorre Salvaterra no tren "chu-chu".
Paradas no Parque Público A Canuda e Praza do Concello (gratuito)

19:30 h - Concerto de Nadal do Coro Cantemos
Igrexa de San Lourenzo Salvaterra

21:30 h - Concerto de Nadal da Banda de Música de Salvaterra de Miño
Salón Casa Cultura de Salvaterra

Luns 23 Decembro

17:30 h - Cine en Nadal. AQUAMAN
Salón Casa Cultura Salvaterra



Martes 24 Decembro

Visita de Papá Noel a Salvaterra

17:00 h - Papá Noel estará na Praza do Concello para recibir aos cativos.

Xoves 26 Decembro

De 16:30 a 18:30 h

Os bolechas visitan Salvaterra!!!
Praza do Concello



Venres 27, Sábado 28 e Domingo 29 Decembro

Mercadillo de Nadal coa Asociación Post Arte
Praza do Concello



Sábado 28 Decembro

San Silvestre Salvaterra-Monçao - Saída ás 20:00h - Praza do Concello

Mini San Silvestre Salvaterra de Miño - Saída ás 19:30h - Praza do Concello

21:00 h - Concerto de Lacedurium - Salón Casa Cultura Salvaterra

Luns 30 Decembro

De 17:00 a 18:00 h - Visita do Apalpador - Praza do Concello

Xoves 2 Xaneiro

17:30 h - Cine en Nadal
RALPH ROMPE INTERNET
Salón Casa Cultura Salvaterra



Sábado 4 Xaneiro

De 19:00 a 20:00 h - Rondalla de Pexegueiro - Praza do Concello

Domingo 5 Xaneiro

Cabalgata de Reis

16:00 h - As súas Maxestades chegarán a Salvaterra dende a Ponte Internacional e recibirán aos máis cativos na Praza do Concello.



CONFITERIA

Regino

Nova gama de productos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de frambuesa

**Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís
a partir de 2 kgs.**

**Especialidade en
rosquillas e melindres**



Rúa Reveriano Soutullo, Pontareas

986 640 834



Arbo Presenta o seu Nadal Cultural 2019-2020

Con motivo da celebración destas datas tan destacadas, o Concello de Arbo ten programadas unha serie de actividades, enmarcadas dentro do plan "Nadal Cultural 2019-2020", que se desenvolverán du-

rante o mes de Decembro e principios de Xaneiro, para o goce de toda a familia. Desde música e concertos da Coral Polifónica de Arbo, Banda de Música de Arbo, a A.C Barca de Loimil e A.C Vella Barca, ata teatro da man da

"Asociación Evaristo de Sela". Tamén haberá actividades de concienciación e aprendizaxe enfocadas a mellorar os nosos hábitos alimenticios e sobre a seguridade do comercio online. E, por suposto, actividades máis típicas des-

tas datas do Nadal coroadas por unha Gran Cabalgata de Reis que percorrerá Arbo dende o cuartel da Garda Civil ata a Praza do Concello ou unha gran área de xogos con inchables no pavillón municipal. Para que os máis pequenos estean entretidos durante estas datas haberá un Campamento de Nadal no colexio desde o 23 de Decembro ata o día 7 de Xaneiro, en horario de 8.30 a 14 horas.

Este ano como novidade e para Celebrar por todo o grande esta data tan entrañable e máxica o Concello de Arbo organiza o día 30 de decembro na praza do concello unha gran festa por todo o alto "BENVIDA DO NADAL EN ARBO", con castañas, chourizos, inchables gratuitos e música para os máis pequenos, coa actuación da charanga Noroeste e para rematar o encendido das luces de Nadal. E para rematar estas datas unha Gran Cabalgata de Reis, a que cada ano se achegan máis e máis cativos e visitantes.

O alcalde de Arbo, Horacio Gil, destaca que a posta en marcha de programas como o "Nadal Cultural" favorecen a participación e o compromiso de todos os habitantes de Arbo coa vila, nestas datas de amor, paz, unión e fraternización. Ademais tamén supón unha oportunidade única para que visitantes de arredores visiten Arbo e participen nas nosas interesantes actividades culturais e lúdicas. Así como para que os maiores gocen dos nosos suculentos pratos e brinden cos nosos viños máis selectos. O rexidor manifesta que con esta programación preténdese poñer en valor os distintos grupos culturais que desenvolven a súa magnífica labor neste concello, continuando coa firme aposta polo revitalizamento destas asociacións que forman parte esencial do noso tecido social, convertendo a numerosa e variada actividade cultural arbense nun atractivo máis que incentiva a visita e o disfrute desta vila. A iluminación navideña estase convertendo, ademais nun atractivo turístico para os visitantes e turistas, o que supón que un bo e fermoso alumeado de Nadal pode atraer máis persoas a Arbo. Tendo en conta que o Concello de Arbo de por si xa conta cun atractivo único, os adornos serven para resaltar esta beleza, remata dicindo o alcalde.



NADAL CULTURAL 2019-2020

Do 24 de decembro ó 7 de Xaneiro "CAMPAMENTO DE NADAL"

NOVEMBRO

SÁBADO 30: Ás 10.30h - MURAL IGUALITARIO no Auditorio para todos os nenos e nenas de Arbo.

Ás 17.00h - BENVIDA DO NADAL A ARBO Encendido das luces de Nadal. Castañas, chourizos, inchables e música para os máis pequenos. Actuación da Charanga Noroeste.

DOMINGO 29: Ás 18:00h FESTIVAL FOLCLÓRICO INFANTIL coa actuación do Grupo Folclórico a Vella Barca e o Grupo Folclórico a Barca de Loimil, no auditorio

DECEMBRO

DOMINGO 1: Ás 17:00h ACTIVIDADES 25N, día Internacional Contra a Violencia de Xénero no auditorio

SABADO 21: Ás 20:00h CONCERTO DE NADAL, Coa actuación da Banda de Música de Arbo e a Coral Polifónica de Arbo, no auditorio

DOMINGO 22: Ás 17.30h.- FESTIVAL DE NADAL coa actuación do Grupo MegaDance de Arbo, no auditorio

LUNS 23: Ás 11:00horas - VISITA DE PAPA NOEL ao CAMPAMENTO DE NADAL e PASEO POLAS RÚAS DE ARBO

XOVES 26: Ás 10:00h - INFONADAL no CAMPAMENTO DE NADAL Actividade impartida pola Escola Galega de Consumo da Xunta de Galicia

MERCORES 1: Ás 17:00h "DIVER-AVENTURA". Parque de Xogos instalado no Pavillón de Deportes.

VISITA DO CARTEIRO REAL!!!

SABADO 4: Ás 18:00h a "TEATRO NO NADAL" o Grupo de Teatro Assoc. Evaristo de Sela, no auditorio representa a obra "As vellas si deben namorarse"

DOMINGO 5: Ás 18:00h "GRAN CABALGATA DE REIS". Saída dende o Cuartel da Garda Civil e chegada das SSMM os Reis Magos á Praza do Concello

DOMINGO 12: Ás 17:00h "SORTEO CAMPAÑA DE NADAL - COMPRAR EN ARBO TEN PREMIO" No salón de Plenos do Concello de Arbo

Organiza: Concello de Arbo

CONDADO/PARADANTA

Covelo executa traballos de conservación no Sobreiral de Chan De Mons e recupera espazos da Rede Natura 2000 no Río Tea.

Consisten en melloras no roteiro AQA, na ruta dos Carranos e no Sobreiral de Chan de Móns.

Óabeiro dunha axuda para a realización de investimentos ligados a obxectivos agroambientais e climáticos en concellos incluídos na Rede Natura 2000, e no marco dun convenio coa Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Xunta de Galicia, o Concello de Covelo executou accións de recuperación de hábitats de interese comunitario e mellora da utilidade pública na zona de especial conservación do río Tea dentro do Termo Municipal.

Deste xeito, neste proxecto, tense recuperado para uso público dentro do roteiro AQA, o primeiro tramo da levada que



conducía a auga de rego dende o río Tea en Maceira ata o barrio de Redondo en Barcia de Mera, e restauráronse os pasos Porta Liñares no rego San Breixo ó paso do roteiro dos Carranos pola parroquia de Maceira.

No mesmo período de traballo, durante os meses de setembro e outubro, tamén se desenvolveron accións de conservación no bosque de sobreiras de Chan de Mons na parroquia de Barcia de Mera,

unha das mellores masas de Quercus suber da comarca de Condado-Paradanta. Os traballos consistiron nunha roza preventiva da matogueira en 3,5 Ha de superficie ocupada polos corticeiros e na eliminación das especies invasoras como o eucalipto e a acacia.

O proxecto complementouse con actuacións de mellora da accesibilidade e sinalización na Rede Municipal de Roteiros do Concello de Covelo.

Galardóns Síntete Covelo 2019

Galardóns Síntete Covelo, ten a finalidade de facer público o recoñecemento á traxectoria de persoas ou entidades que leven a cabo proxectos destacados e relevantes para o noso concello e para Galicia.

Ata o 16 de decembro

está aberta a solicitude de presentación as candidaturas por calquera persoa física, xurídica, asociación ou club, proponéndose a eles mesmos ou a outra candidatura.

O domingo 29 de decembro ás 18:00h. terá lugar a entrega de galardóns no Auditorio Municipal de Covelo.

Participación veciñal no proxecto da Praza de Maceira

O Concello de Covelo ven de redactar o anteproxecto de Acondicionamento da nova Praza de Maceira que se pretende realizar con cargo aos próximos orzamentos de obras do ano 2020.

Antes da aprobación definitiva de dito proxecto, a través da sección de Participación "Covelo falo ti" da

páxina web do Concello, poderase consultar o anteproxecto de obra de Acondicionamento da Praza de Maceira de forma que calquera veciño poderá achegar ideas a preto da definición de usos alternativos dos espazos, materiais de execución, cores, ordenación de mobiliario urbano ou calquera outra achega que considere necesaria.

O secretario Xeral para o deporte visita as obras do pavillón de Arbo

O Secretario Xeral para o Deporte Jose Ramón Lete Lasa e o alcalde do Concello de Arbo Horacio Gil, visitaron o Pavillón Municipal de Deportes, para supervisar o remate das obras realizadas nestas instalacións.



O pasado mes de maio o Secretario Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia e o alcalde do Concello de Arbo, asinaban un convenio para a realización de obras de mantemento no polideportivo municipal. O orzamento da referida actuación o importe de 14.978,00 €

As obras realizadas no pavillón froito do convenio asinado pola Secretaría Xeral e o Concello de Arbo foron a Substitución de panel sándwich de cuberta, sobre os vestiarios, reparación de canaletas da anterior cuberta, pintado de vestiarios, con reparacións puntuais (emplastecidos, etc.), e a substitución de porterías de fútbol.

Arbo colabora co Carné Xove

O Alcalde de Arbo, Horacio Gil e a Directora Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cristina Pichel, asinaban o pasado 6 de novembro un compromiso de adhesión da piscina municipal ao programa Carné Xove.

Coa sinatura deste acordo os usuarios do Carne Xove poderán ser, entre outras, beneficiarios dun desconto do 50% na entrada da piscina municipal. Ademais acordaron prestar o servizo

de información e solicitude aos interesados en obter o Carné Xove. Os mozos e mozas de entre 12 e 30 anos poderán solicitar a través do Concello de Arbo, en horario de luns a venres de 8:00 a 15:00 horas o carné xove. Para facer a solicitude deberán presentar o DNI.

Asemesmo, o Concello está realizando unha campaña para animar aos comercios locais para que se adhiran a este programa.

Concerto de Santa Cecilia

A Banda de Música de Arbo e a Banda Infantil de Arbo, ofreceron un ano máis o Concerto de Santa Cecilia no Auditorio do Centro Multiusos de Arbo.

Os músicos estrenaban os novos traxes financiado pola Fundación Segundo Gil Davila.

O Concerto tivo un gran éxito pola interpretación de Clásicos de Disney como Aladín, o Rey Leon ou a Bella e a Bestia, ante un auditorio abarrotado e que mostrou a súa emoción e a admiración polas Bandas

A Banda de música celebraba ademais o seu 25 aniversario.

Mondariz rexeita a ameaza da Xunta respecto á continuidade do Centro de Día

Despois da reunión mantida co Consorcio Galego de Benestar Social, o alcalde de Mondariz, Xosé Emilio Barros, non entende a ameaza pública da Xunta de Galicia respecto á continuidade do Centro de Día. O Consorcio comprometeuse expresamente a enviarnos o novo tipo de convenio que se usa desde 2017, pero aínda non o fixo. O goberno, trala reunión, asume que este convenio inclúe o novo sistema de cofinanciación e ten unha duración de cinco anos, en lugar de dez".

Na sesión ordinaria do Pleno da Corporación Municipal, os representantes dos diferentes partidos debatiuse unha proposta do goberno para buscar mellores condicións para un

novo convenio co Consorcio. "Todos queremos manter o Centro de Día en Mondariz. Que os anteriores gobernos de Mondariz non pagaran por ese servizo á Xunta xa manifesta un desacordo tácito con ese convenio. O problema da débeda vén de lonxe. Este goberno, tivo a valentía de facelo público para atopar unha solución. En lugar de buscar culpables políticos para satisfacer intereses partidistas, decidiu defender os intereses de Mondariz.

Co sistema de cofinanciación que entrou en vigor en 2017, Mondariz paga 2.500 euros por cada habitante do Concello que faga uso do Centro de Día a pesar de que as instalacións son de propiedade municipal, pero non pode asignar nin-

gunha das 30 prazas entre os seus veciños porque esta é unha competencia da Xunta. Polos usuarios do Centro que veñen doutros concellos, a Xunta asume o custo total do servizo (7.500 euros por usuario).

O Centro de Día de Mondariz comezou a funcionar en 2011, despois da sinatura dun convenio por dez anos co Consorcio Galego de Benestar Social en 2010. En 2017 mudouse o sistema de cofinanciación. Deuse aos concellos a posibilidade de manterse no sistema de cofinanciación anterior, pero o goberno daquel momento aceptou o novo sistema de cofinanciación por omisión. En 2017, o Concello de Mondariz comezou a recibir as liquidacións correspondentes ao novo



sistema de cofinanciación, pero non se pagou nin se incluíu ningunha partida no orzamento de 2017 para esta fin. Anteriormente tampouco se pagara nada. O propio Consorcio, durante a reunión que mantivo a semana pasada co goberno actual, confirmou que esa débeda anterior a 2017 estaba "aparcada lexislativamente".

Deste xeito chegouse a unha reclamación de 97.500 euros a principios de 2019 e á esixencia de pagar esta débeda en sete meses. "Neste momento o importante é soste-lo Centro

de Día de Mondariz cun novo convenio adaptado a un concello de menos de 5.000 habitantes e non deixe ocos legais. Nos queremos pagar a débeda e manter o Centro en funcionamento, pero debemos negociar un novo convenio a cinco anos como teñen xa outros concellos. Prorrogar o actual convenio a dez anos non é a única opción para manter o Centro de Día en funcionamento a partir de abril de 2020, de feito, é a opción máis lesiva para o Concello", advirte o alcalde.

AporM considera "inmoral" a postura do PP ao culpar ao anterior goberno da débeda do Centro de Día

Alternativa por Mondariz saíu ao paso das afirmacións realizadas pola portavoz do grupo municipal do PP, Ana Corredoira, nas que esta aseguraba que a débeda de 157.000 euros que o servizo tiña contraída co Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar era debida "ás malas prácticas do anterior Goberno".

Xoán Carlos Montes Bugarín, portavoz de AporM, cualificaba esas informacións de "falsas amais de inmorais" ao ocultar o Partido Popular que dito convenio foi asinado, no seu momento, polo alcalde popular Julio Alén. Curiosamente, asegura o portavoz de AporM "a Xunta non reclamou ata o 2017 o pago da débeda, dato que



oculta o grupo municipal do PP".

Montes subliña o feito de que, no mesmo momento en que o Consorcio reclamou a débeda, "tentamos negociar coa Xunta as formas de pago e unha solución viable que permitira manter un servizo que consideramos básico para

a cidadanía".

En todo caso, o portavoz de AporM quere salientar o feito de que o actual sistema de pago "foi pactado no seu día entre a Xunta de Galicia, gobernada polo PP e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) dirixida polo PSOE e con vicepresidencia

Mondariz prepara unha zona azul gratuíta no centro

Unha vez renovado o contrato de aluguer polo terreo que acolle o aparcadoiro público municipal, o goberno transmitiu aos comerciantes e hostaleiros da vila o seu plan de crear unha zona azul gratuíta no centro urbano nos primeiros meses de 2020 para fomentar a mobilidade de vehículos.

O goberno ten en mente aplicar un sistema de discos

horarios coa colaboración dos comerciantes e hostaleiros e habilitar máis espazos de aparcamento no centro urbano.

O alumeamento especial da tempada acenderase o sábado, 7 de decembro. Este ano, como novidade, instaláronse arcos de luz en todas as parroquias.

Durante a tempada de Nadal tamén haberá ambientación musical por megafonía.

do BNG".

Xoán Carlos Montes Bugarín remata asegurando, de xeito contundente, que "é unha irresponsabilidade rescindir o contrato sen ter os deberes feitos: sen ter atado un convenio e sen ter avaliado economicamente o custe para o concello

no caso de non chegar a acordos coa Xunta". AporM urxe ao Goberno local "a iniciar negociacións para acadar unha solución". "Neste vindeiro 2020 remata o convenio e é unha ocasión inmejorable para facer esas negociacións", conclúe Montes.

O Rio Minho Transfronteiriço apresenta todos os requisitos para ter uma ITI

O Vice-diretor do AECT Rio Minho e Presidente da Câmara Municipal de Vila Nova de Cerveira não tem dúvidas de que o território do rio Minho Transfronteiriço deve ser encarado como “um espaço piloto entre Portugal e Espanha para uma Intervenção Territorial Integrada (ITI)”.

Organizado pela Deputación de Pontevedra e pelo Grupo Ante da Universidade de Compostela, o encontro desta segunda-feira reuniu os autarcas do Vale do Minho Transfronteiriço para debater o financiamento da estratégia entre ambos países.

Segundo Fernando Nogueira,

a constituição do AECT - Rio Minho (CIM Alto Minho e Deputación de Pontevedra) o território possui todas as condições para uma efetiva aplicação da figura de uma ITI transfronteiriça, na lógica da Política de Coesão da UE e prevista no Plano Nacional de Coesão Territorial aprovado pelo Governo Português.

Ainda ressaltou que “temos um território de intervenção adequado, uma estratégia de desenvolvimento participada, um instrumento de governança robusto (AECT Rio Minho), uma vasta experiência na gestão de projetos apoiados pelos fundos comunitários e, acima

de tudo, existe vontade política. Essa mesma vontade a tenham os Estados-membros, Portugal e Espanha”.

Uxío Benítez diretor do AECT disse que “a implementação de uma ITI conta ainda com a existência de um documento estratégico e de um percurso delineado até 2030”, pelo que a criação deste mecanismo para o território transfronteiriço durante o próximo marco comunitário dos Fundos Europeus “encaixa perfeitamente com o projeto do AECT Rio Minho”.

No encontro também esteve presente o expert em financiamento europeu e consultor para a Dirección Xeral de Polí-



tica Rexional e Urbana da Comissão Europeia (DG Regio), Jonatan Paton, o subdirector adjunto de Cooperación Territorial do Goberno español, Moisés Blanco Maceira ademais de especialistas universitários em diferentes matérias.

Na terça-feira a reunião seguiu com os representantes das eurocidades da fronteira ibérica para o intercâmbio de experiências e boas práticas, na qual participaram entre outros

a alcaldesa de Ayamonte, Natalia Santos (Eurocidade do Guadiana); o regedor de Badajoz, Francisco Javier Frago (Eurocidade de Badajoz – Elvas); o alcalde de Tui, Enrique Cabañero (Eurocidade Valença-Tui); a alcaldesa de Tomiño, Sandra González (Eurocidade Cerveira-Tomiño), o Vice-Presidente da Câmara Municipal de Monção, João Oliveira e o secretário executivo da Eurocidade Chaves-Verín, Pablo Rivera Búa.

Xoan Curiel en Italia

Santiago Serantes Blanco

Italia ten a sorte de contar con tres Centros de Estudos Galegos (CEG), cuxo obxectivo principal é o de colaborar activamente entre eles, e coa Xunta de Galicia, para dar a coñecer a lingua, a literatura e a cultura galegas non só ao alumnado das universidades en que están inseridos (Università degli Studi di Padova, Università degli Studi di Perugia e Sapienza Università di Roma), senón tamén a todo aquel público interesado en achegarse dalgún modo a Galicia.

Nesta ocasión foi Xoán Curiel o artista galego convidado para mostrar o seu talento a través da posta en marcha de dous espectáculos musicais.

O primeiro deles, organizado por Attilio Castellucci (docente de Lingua e Letteratura gale-

ga), celebrouse o martes 19 de novembro na Galleria Nazionale di Arte Moderna e Contemporanea de Roma, lugar fascinante para un concerto. Máis aínda se asume o protagonismo da sala música como a de Curiel, quen cantou e tocou diversas pezas, conseguindo un verdadeiro efecto de abraio e acollida entre un público italiano de diferentes franxas xeracionais.

O segundo encontro tivo lugar ao día seguinte en Perugia, na Sala dei Notari, no interior do célebre Palazzo dei Priori. Ademais dos organizadores do evento, Carlo Pulsoni e Marco Paone (membros do CEG desta cidade), acompañados por Santiago Serantes Blanco, (lector do CEG de Padova), acudiu un grande influxo de público, ao igual que acontecera en Roma a tarde anterior. A diferenza é

que esta vez Xoán non cantou só, senón que formou parella musical coa italiana Clara Borghesi, quen tamén introduciu brevemente o contido e o tempero cultural de cada peza dando lugar a un espectáculo certamente prodixioso, onde o son da guitarra envolveu a sala.

Ambos os espectáculos ofreceron cancións en diversas linguas, desde o galego do autor ao italiano dos espectadores, pasando por algunhas en portugués (tanto europeo como brasileiro) e por outras en español. En canto aos estilos, a variedade tamén foi notable, xa que se escoitaron cancións do propio Xoán e composicións reescritas e adaptadas musicalmente por el que ían desde a época medieval ata a contemporánea, adquirindo carácter de reggae e folk, entre outros moitos. E todo isto serviu para



manifestar dun modo moi característico diferentes sentimentos ou estados: amor, tristeza, alegría, valor da sinceridade, emigración... con temas como: Compostela, Aire, Quen puidera namorala, Ecuacións ou Quantas sabedes amar amigo, o que fixo coñecer ou recordar ao público nomes tan relevantes como Martín Codax, Rosalía de Castro ou Álvaro Cunqueiro.

Non cabe dúbida que o resultado non podería ser mellor ao conxugárense poesía e música en tales contextos espaciais

de prestixio das cidades mencionadas. A cálida acollida por parte do público estivo presente ata o peche dos eventos, cando se achegou a Curiel para comprar un disco e pedirlle un autógrafa e/ou una fotografía. Momento de auténtica satisfacción tamén para os seus organizadores, os cales recibiron multitude de comentarios e parabéns por esta iniciativa cultural, entre os que cómpre recordar este: “un posto che ispira tali canzonni deve assolutamente essere visitato”.